

**AudioLab escoitar.org no Espazo Anexo**  
Arte Sonora. Estudo das formas acústicas de sociabilidade

**Proxecto de produción ofrecido por:**

Asociación Cultural escoitar.org.  
Paisaxe Sonora galega.  
Rexistro, estudo, conservación e creación a través do son ambiental de Galicia.

**Para:**

Iñaki Martínez Antelo  
Director do Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
MARCO

**Esc****oitar.org**  
**Paisaxe Sonora de Galiza**



Preséntase aquí o proxecto a desenvolver no **Espazo Anexo do MARCO** entre os días 9 de marzo ao 13 de maio de 2007 cuxo obxectivo principal é a súa dinamización social a través do son.

### SINOPSE DO PROXECTO:

**\*Creación dun Hacklab** (laboratorio de audio e novas tecnoloxías relacionadas coa creación artística a través do son).



escoitar.org  
artesonoro.org  
mediateletipos.net  
alg-a.org

- Acción pública para a inauguración do Espazo (ver detalles)
- Transformación interna e externa do Espazo (ver detalles)
- Programación de contidos semanais (ver detalles)
- Participación da cidadanía (acceso aberto e público) (ver detalles)
- Proceso de construción da publicación/catálogo (ver detalles)

**\*Publicación** (a posteriori) en soporte físico, formato DVD. Este DVD inclúe o seguinte material:

- Gravacións de campo da cidade (¿A qué soa Vigo? (ver detalles)
- Documentación visual das actividades do Espazo (ver detalles)
- Video “O carácter acústico de Vigo” (ver detalles)
- Video “Vigo escoitado polos emigrantes” (ver detalles)
- Making Off do proceso de construción (ver detalles)

# 1

Audio  
Hacklab





## Audio Hacklab Escoitar.org

A palabra hacklab ven da fusión entre as palabras hacker e laboratorio. Trátase dun espazo físico onde se reúne un grupo de xente para investigar, debater e difundir temas relacionados coa rede, as novas tecnoloxías, o audio e os dereitos civís neses ámbitos, desde un punto de vista social.

Nun hacklab adoita utilizarse un sistema de organización e aprendizaxe cooperativo e usando software libre debido ás liberdades que ofrece.

Os primeiros hacklabs xurdiron en Italia a partir do primeiro hackit en 1998, pero foi en Barcelona, onde se creou o primeiro hacklab de España. Actualmente existen uns 22 hacklabs en España e continúan crescendo en número.

Escoitar propón a construción dun Hacklab temporal aberto a calquera persoa ou grupo que teña interese no fenómeno sonoro, (artistas, grupos, asociacións culturais, etc.). Farase unha convocatoria pública para encher de vida este Espazo e os contidos terán unha relación moi directa cun debate aberto por nós dende a creación do proxecto: as formas acústicas de sociabilidade, a necesidade de incorporar o son ás historias dos lugares, os debates relacionados cos novos soportes na publicación e distribución de audio, os arquivos sonoros públicos e accesibles universalmente, as discusións sobre a configuración do patrimonio cultural inmaterial dos lugares, etc.



## Inauguración do Hacklab (9 de marzo)

Para a inauguración do Hacklab cóntase coa colaboración do Centro Coreográfico Galego que, da man de Roberto Taboada, (un dos asistentes ó Obradoiro de Paisaxe Sonora de Vigo), farán unha acción sonora na que os bailaríns interpretarán unha obra electroacústica composta polos musicólogos Juan-Gil Rodríguez e Carlos Suárez, membros do equipo do proxecto Escoitar.org. Esta obra, titulada “CadraVigo”, composta con paisaxes sonoras da cidade, reproducirase na rúa en formato cadrafónico.

Os bailaríns vestiranse coa roupa de traballo deseñada pola artista luguesa Montse Rego.

O Centro Coreográfico Galego (CCG) iniciou en 2006 o seu funcionamento no seo do IGAEM, da Consellería de Cultura e Deporte, como principal ferramenta ao servizo do desenvolvemento integral da danza en Galicia.

Esta misión xeral que ten encomendada materializarse mediante distintas accións concretas, que fornecarán a este novo departamento para ser o punto de encontro de referencia para as iniciativas e demandas dos profesionais do sector, ademais de realizar, de xeito paralelo, un labor de difusión da danza entre a cidadanía.





# Transformación do Espazo

(o exterior)

O Espazo Anexo convírtese nun Laboratorio de Audio aséptico e funcional. O obxectivo é chamar a atención dende o exterior e conseguir unha coherencia entre a imaxe e os contidos e funcións do Espazo neste dous meses. Para esta transformación utilizaranse os seguintes elementos:

- **Simulación de altosfalantes** xigantes tranformando os módulos laterais do Espazo Anexo (vinilos autoadhesivos).
- **Escucharillas** laterais para a escoita (ver diapositiva)
- **Rotulación da fachada.** “Hacklab Escoitar.org”
- **Cristal principal como altosfalante** (ver diapositiva)





## Vinilos=altofalantes

**Simulación de altofalantes** xigantes transformando os módulos laterais do Espazo Anexo (vinilos autoadhesivos)

**Rotulación da cabeceira dereita con “Hacklab Escoitar.org”**



## As “Escucharillas”

(lateral do módulo/altavoz dereito)

As “Escucharillas” son a versión sonora das “Mirillas”.

### Ver

(Del lat. *Vidēre*)

Percibir polos ollos obxectos mediante a acción da luz.

### Oír

(Del lat. *audīre*)

Percibir có oído os sons.

### Mirar

(Del lat. *mirāri*, *admirarse*)

Dirixir a vista a un obxeto



### Escoitar

(Del lat. *vulg. ascultāre*, *lat. auscultāre*)

Prestar atención ao que se oe.

Arrimando a orella a estes iconos poderase escoitar a paisaxe sonora de Vigo e obras sonoras baseadas no son ambiental de Vigo (establecerase unha programación semanal). Traballo con sensores de presión para a interacción coas obras.



## Cristal Altofalante

(fachada principal cristal)


A fachada principal (o escaparate de cristal) convertirase nun emisor de audio a través de tecnoloxías que permiten converter calquera superficie lisa nun elemento vibrante e emisor de son

Farase con dous dispositivos: o **Nymzy Vibro MAX** e o **SoundBug**. Ámbolos péganse ós cristais da fachada para convertila nun xigantesco altavoz (20W de potencia). Estes aparatos convirten unha sinal de audio en vibracións.

O Vibro Max utilizarase no cristal exterior e o Soundbug utilizarase para accións concretas en superficies do interior do Espazo (e para facer demostracións ás visitas).

# Transformación do Espazo

(o interior)




O interior do Espazo Anexo é o Laboratorio de Audio aberto e público no que traballaremos durante as 9 semanas da exposición. É un laboratorio entendido como un lugar dotado dos medios necesarios para realizar investigacións, experimentos e traballos de carácter científico ou técnico, todos relacionados coa escoita e o fenómeno sonoro en xeral. Neste Espazo elaborárase a publicación en DVD que servirá de testigo do traballo feito e ao mesmo tempo de centro de ensinanza.

Unha sala equipada con medios audiovisuais, onde os participantes e a cidadanía colaborarán na construción da Paisaxe Sonora da cidade, consensuada e pública. Os contidos serán os seguintes:

- **Roupa de traballo** deseñada para o quefacer diario.
- **Ordenadores públicos** con acceso á rede.
- Equipo de **cadrafonía**
- **Sala de video** / Plató TV
- **Cámara** de atención **auditiva**
- **Pantalla TFT** con **novas sobre Fonografía**

# Plano de contidos






## Roupa de traballo

(por Montse Rego)

Como laboratorio que é, equipado con diversos instrumentos de medida, proceso, xestión e outros elementos necesarios para o traballo co audio, necesita dunhas condicións ambientais axeitadas, controladas e normalizadas, de modo que se poda asegurar que o propio ambiente non altere o resultado dos experimentos ou medicións. Tamén é importante que os experimentos teñan a garantía de que sexan repetibles, é dicir, que calquera outro laboratorio poda repetir o proceso e obter o mesmo resultado: a normalización.

Baixo estas ideas (a simulación das condicións ideais dun laboratorio científico), Montse Rego deseñará a roupa de traballo coa que se traballará no interior do laboratorio. Todas as persoas que entren no Espazo deberán poñer esta roupa.




## Ordenadores públicos

(Conectados á rede)

Dous ordenadores públicos conectados á rede que servirán para o traballo co software de audio e para o acceso ó mapa sonoro de Vigo (a través de Google-Map-Escoitar).

Un dos ordenadores terá una impresora conectada e un gravador de DVD/CDS para queimar Cds coas paisaxes sonoras de Vigo que calquera persoa poderá solicitar. A impresora é para imprimir textos relacionados coa disciplina “Arte Sonora” cuxa licencia de publicación ten o proxecto Escoitar.org.



## Sala de proxección. Plato TV.


Nesta sala proxectaranse traballos relacionados coa Paisaxe Sonora, o Software Libre, o Copyleft e outros videos que teñen en común o ser publicados con licenzas que permiten a exhibición pública sin costes (royalties ou regalías).

Nos momentos nos que non haxa programación proxectarase o mapa interactivo da Paisaxe Sonora de Vigo (configurado durante o Obradoiro da Sala Transversal).

Tamén servirá de Plató de TV para facer as gravación das esquisas contestadas polos emigrantes.  
(ver proxecto teórico)

.....  
.....  
.....  
.....  
.....





# Cámara de atención auditiva

(Cadrafonía)

Cámara ou sala de audicións. Antónimo de Cámara Anecoica. Sala escura.

Coa única presenza dunha liña de leds azuis no chan, (para ubicarse na sala), o espectador poderá gozar do fluxo sonoro como aparello funcional, como obxecto decorativo. Nesta sala poderanse escoitar Paisaxes Sonoras de Vigo en calidade cadrafónica. Esta sala será o noso particular ESPRO ( Espace de Projection, unha sala de concertos de acústica variable creada no ano 1977 no Instituto Francés IRCAM. P Boulez).

.....  
 .....  
 .....  
 .....  
 .....



## Pantalla TFT (Fonografía)

(Panel informativo)

Colgada dende o teito e do mesmo xeito que se mostran os paneis informativos das estación de tren ou dos aeroportos, este panel de información ofrecerá novas e titulares internacionais sobre categorías relacionadas co traballo no HackLab:

Fonografía, Phonographie, Paisaxes Sonoras, Soundscapes

A información obterase de sindicación a lugares xestionados polos membros de Escoitar.org ([Alg-a.org](http://Alg-a.org), [Mediateletipos.net](http://Mediateletipos.net) e [Artesonoro.org](http://Artesonoro.org))

.....  
.....  
.....  
.....  
.....

2

DVD  
Publicación





A idea que ten Escotar.org para a publicación é a mesma que imos desenvolver nas cidades de Santiago de Compostela e A Coruña (O Proxecto-Edición). Trátase dun traballo arredor do Son e as súas representacións sociais. Con este traballo queremos achegarnos ata a escoita que os cidadáns fan do seu espazo urbán e sinalar aquelas paisaxes sonoras que cómpre protexer ou criticar para poñer en común unha nova forma de relacionarse coa sociedade acústica do século XXI.

Para aproximarnos a este obxectivo, Escotar.org presenta un liña de actuación global aos tres núcleos de poboación que despois desenvolveremos segundo diversas coordenadas definidas polas especificidades de cada poboación.

Nesta posta de longo do proxecto Escotar.org en Vigo buscamos un REFERENTE afín a tódolos Concellos, que estea ben definido na sociedade contemporánea e que ademáis sexa un vehículo ou soporte para desenvolver a paisaxe sonora.

Ese punto de encontro, específico de cada poboación pero ao mesmo tempo universal e polo tanto propio de calquera cidade e vila occidental é o HOME/MULLER EMIGRANTE. Con eles, Escotar.org aproximarase a paisaxe sonora local ao tempo que construíra unha ponte que achegará as galegas e galegos aos sons que algún día abandonaron nalgunhas nos seus países.

# A EMIGRACIÓN

## (o autofalante do século XXI)

Unha das grandes preocupacións, xa advertidas polo investigador Murray Schaefer na década dos setentas, é a facilidade coa que o ser humano da sociedade Contemporánea e perde a realidade sonora que está a vivir. Estamos tan “contaminados” pola hexemonía do visual e a velocidade tecnolóxica da era industrial que o noso entorno vital, incluso na intimidade do fogar, camiña hacia a escuridade, a sombra do silencio virtual: un aillamento sonoro que pretende esconder falsos paraísos acústicos namentras incitamos, provocamos e contaminamos o máis preciado: a paisaxe sonora. Esta fuxida hacia adiante afóganos diante da incapacidade de decatarnos do noso ben máis preciado, a natureza. E namentras non sexamos capaces de exercitar os nosos oxidados sentidos mal chamados secundarios, entre eles o ouvido, non seremos quénes de principiar a combatir unha batalla que non ten no decibelio, como tradicionalmente se cree, o noso peor enemigo, senon na homoxeneidade do son que a sociedade de consumo ten comercializado para todos-todas nós.

É por esas, detras desta declaración de principios baseada en grandes investigadores como Barry Truax, que na sociedade de hoxe en día un dos valores máis seguros para achegarnos ata a nosa paisaxe sonora non está tanto nos nativos de cada cidade senon naqueles que por diversas circunstancias tiveron que viaxar ata nós para compartir este paraíso acústico. Os EMIGRANTES, traballadoras e traballadores doutras partes do mundo son con toda seguridade os principais valedores para saber ¿cómo soamos? e ¿a qué soamos?

Elas e eles son os que mellor poden retratar, fotografar, a nosa realidade acústica e con elas e eles queremos traballar a paisaxe sonora local de cada unha das cidades pero sen perder de vista outra das grandes peculiaridades da sociedade acústica do noso tempo: a mestizaxe sonora. Sabemos que existe unha sociedade cosmopolita onde as cores, expresan unha diversidade cromática producto das sucesivas unións entre individuos de distintas razas. Sen embargo, eiqui temos outro claro indicador de ata que punto o poder do visual convive por riba do identidade sonora, somos quen de falar de mestizaxe de razas, de culturas, pero non somos capaces de recoñecer que é o son da lingua coa que se comunican as persoas: o primeiro sinal de identidade das migracións cando emprenden ese duro camiño de adaptarse á fala do país. A mestizaxe lingüística é o primeiro sinal de identidade na sociedade contemporánea. Un grande puzzle ou collage sonoro onde as linguas e os seus acentos van traballando novas texturas sonoras.

# O PROXECTO

## (a documentación)

Nesta primeira fase a idea principal e a documentación e clasificación do material audiovisual que despois desenvolveremos en varias instalacións e publicacións.

O primeiro paso será citar a distintos emigrantes, cidadáns adaptados a súa nova vida, a que resposten un cuestionario. Nesa proposta para que se pasen durante uns minutos polo plató improvisado, ademais de respostar esas preguntas faremos unha gravación de audio con todo o cuestionario e outra de vídeo-fotografía namentras esa persoa resposta as preguntas. Esta parte “visual” do proxecto sen embargo debe ser manipulada creando contraluces porque non nos interesa a identidade do individuo, senón a sombra, o perfil do mesmo nunha parede branca sobre a que proxectaremos a súa imaxe (no Plato de TV do Hacklab). Interésanos traballar dende o punto de vista visual, sobre luces e sombras que ademais de permitirnos esconder a identidade das persoas tamén nos facilite o material para posteriores instalacións audiovisuais.

A maiores, como este traballo igual non é suficiente para documentar correctamente este sector de poboación, habera outra colleita de información directamente na rúa, sobre todo con aqueles emigrantes ilegais que estan de paso pola cidade, e tamén con habitantes de Vigo cuxa opinión axude a configurar o carácter acústico da cidade.

## (a enquisa)

Será un documento con algunhas preguntas que os participantes deberán leer. Sempre nesa citación que previamente faremos para que se pasen polo Espazo Anexo do MARCO, tentaremos adxuntarlle o mesmo para que poidan pensar con calma as mesmas ao tempo que lle pediremos permiso para gravar os sons e facer fotografías e vídeo.



As preguntas que deberán respostar en galego ou castelan, neste caso en relación a cidade de Vigo son:

- 1- Como se chaman (soamente nome) e de que país veñen.
- 2- Porque viron a Vigo.
- 3- Que foi o primeiro que escoitaron cando chegaron.
- 4- Cal foi o derradeiro son que lembran antes da súa viaxe.
- 5- A que soa Vigo para eles
- 6- Que sons recordan do seu pais-lugar de orixe?
- 7- Que son levarían de Vigo para o seu país?
- 8- Que son traerían do seu país e lles gustaría escoitar en Vigo.

Nunha segunda parte da entrevista deberían tentar facer o seguinte:

- 1- Reproducir un son do seu país, o no seu defecto unha cantar unha canción.
- 2- Conxugar en galego, calqueira tempo verbal dos verbos: sonar ou escoitar: Por exemplo: Eu falo, ti falas, el fala, nos falamos, vos falades, eles falan. Eu escoito, ti escoitas, el escoita, nos escoitamos vos escoitades, eles escoitan.
3. Conxugar no seu idioma natural, calqueira tempo verbal, o verbo que non pronunciou en galego no punto anterior.


Deste xeito documentaremos as dúas paisaxes sonoras, nativa e local cos dous verbos.











**Esc****itar.org**  
**Paisaxe Sonora de Galiza**